| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | - Exprésase con claridade, coherencia e de xeito contundente.<br>- Amosa respecto e empatía cara as opinións e experiencias dos demais.<br>- Exercita o diálogo filosófico con rigorosidade e de xeito crítico.<br>- Nos sus diálogos evita modos dogmáticos, falaces e sesgados de soster opinións e hipóteses. | | |
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | - Expresa conceptos relacionados con el estado de derecho y bienestar, democracia, etc.<br>- Define y reconoce las teorías de a justicia de filósofos como Platón, Aristóteles o Rawls.<br>- Conoce y expresa los principales hitos acerca de los movimientos sociales.<br>- Conoce qué es utopía y distopía. | | |
| CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea. | - Distingue entre arte, beleza e gusto.<br>- Coñece as principais teorías sobre a belleza. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O ser humano como animal político.<br>- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.<br>- Definición do político: legalidade e lexitimidade.<br>- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.<br>- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.<br>- Cidadanía e Estado de benestar.<br>- Xustiza e democracia.<br>- A xustiza como problema filosófico.<br>- A reflexión filosófica sobre a democracia.<br>- Ideais, utopías e distopías.<br>- Os movementos sociais e políticos.<br>- O feminismo e a perspectiva de xénero.<br>- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.<br>- Teorías sobre a beleza e a arte.<br>- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.<br>- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.<br>- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.<br>- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.<br>- Ética e estética.<br>- O papel político da arte. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Métodos de traballo | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | - Demostra coñecemento das estruturas dos diferenrtes traballos: investigación, comentario, disertación.<br>- Completa de manera suficiente todas as partes destes documentos. (Ex. Introducción, vocabulario, tese, conclusión, etc.)<br>- Argumenta sen incurrir en falacias, dogmatismos ou opinións. | TI | 100 |
| CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | - É capaz de traballar con materiais non filosóficos e identificar neles ao menos un problema filosófico.<br>- Realiza disertacións ou comentarios filosóficos básicas sobre temas filosóficos e non filosóficos desenvolvendo ao xuizo propio e considerando distintas posicións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ‑ A filosofía como saber.<br>‑ Os métodos da filosofía.<br>‑ O traballo filosófico.<br>‑ Uso e análise crítico de fontes.<br>‑ O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.<br>‑ O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.<br>‑ A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.<br>‑ A investigación e a disertación filosóficas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregarase a aprendizaxe construtiva e significativa, que en liñas xerais, postula a idea de que os estudantes son os protagonistas do propio proceso de aprendizaxe ao construíren novos coñecementos baseados na súa experiencia e coñecementos previos.
Con esta metodoloxía o alumnado non só coñece conceptos, argumentos e problemas vinculados á filosofía, senón que practica procedementos de traballo intelectual e elabora o seu propio pensamento de xeito comprensivo e

adaptado a súa realidade vital a través da realización de actividades que parten das aprendizaxes que o alumno/a xa posúe. Neste caso, trátase de actividades individuais de comprensión, reflexión e creación como comentarios de texto, disertacións etc.
Asimesmo, a normativa promove unha aprendizaxe por competencias, concretamente, a Ley Orgánica 3/2020 que afirma que "adquirir unha formación axeitada pasa necesariamente por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias [...] Para cumprir con esta norma, seguindo o traballo de Jean Marie Ketele, adoptarase o enfoque por situacións ou tarefas, en concreto, o enfoque por problemas ou "Aprendizaxe por problemas" que consiste en presentar unha situación contextualizada, cunha situación a resolver ou un obstáculo a superar, sen dispoñer, de entrada, de todo o necesario para resolvela. Segundo Antonio Bolívar Botía, profesor na área Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Granada, este enfoque favorece especialmente a aprendizaxe e desenvolvemento das competencias, xa que se parte dun problema deseñado pola profesora, polo que alumnado debe indigar, ensaiar e experimentar o modo de resolvelo e on só iso, tamén precisa de mobilizar os recursos adquiridos previamente.
Para a adquisición deses recursos previos, ademáis do tradicional enfoque por transmisión, necesario para as explicacións cotidiáns e incorporación de novos coñecementos e contidos, empregarei o enfoque por situacións didácticas que consiste en presentar unha situación complexa para o alumnado ao inicio da aprendizaxe e, a partir dela, empregando o método maiéutico de Sócrates, introducir conceptos e habilidades e recursos necesarios para a súa resolución.
Así mesmo, en ocasións, para valorar de xeito observacional a comprensión do alumnado, podería empregar como método a presentación de situacións didácticas complexas finais, as cales serven para avaliar en qué medida o alumnado chega a mobilizar por si só os recursos e conceptos aportados durante a situación didáctica de xeito que despois poida aplicalos a o enfoque por problemas.
Tamén, dependendo do tipo de actividade, a aprendizaxe cooperativa, que permite ademais centrarse en metodoloxías activas e contextualizadas que están orientadas segundo o esquema "situación-problema", o que permite desenvolver clases de marcado carácter práctico e contextualizar a materia en temas concretos; ademais, esta metodoloxía apoiase na aprendizaxe cooperativa e posúe un alto poder de motivación de cara ao alumnado.

METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL:
No caso de que se dean circunstancias de forzza maior ou específicas dun alumno/a que requiran ensino non presencial, estas serán as pautas metodolóxicas:
As clases terán lugar a través de videoconfrencia -empregando Webex ou outra ferramenta a proposta do profesorado, a Xunta ou o centro- (A ferramenta será publicada na aula virtual) e as actividades estarán indicadas a través da aula virtual.
Así mesmo, todas a comunicacións entre profesorado e alumnado terán lugar a través da aula virtual ou outra vía sempre e cando sexa autorizada polo profesorado.
Neste caso, o alumnado será responsable de conectarse no horario habitual (o que tiña presencialmente) e de acceder á aula virtual para revisar se existen tarefas relacionadas coa materia, así como de avisar á profesora en caso de ter calquera problema.
No caso da actividade semipresencial, a clase será invertida: o alumnado deberá preparar os contidos e actividade en casa segundo unha serie de pautas e directrices facilitadas pola profesora e aproveitaranse as sesións presenciais para resolución de dúbidas e establecemento de novas directrices.

ACTIVIDADES E PRODUCIÓNS.
De maneira xeral, realizaranse as seguintes actividades:
1. Control da asistencia ás clases virtuais.
2. Explicacións a través de videotutoriais que serán colgados na Aula Virtual para que o alumnado poida visualizalos previo a clase virtual.
4. Explicación da parte teórica de cada tema a través dunha clase virtual empregando a aplicación Cisco Webex Meetings, Webex Team ou outra a proposta do centro/admón.
3. Resolución por parte do profesorado de exercicios e dúbidas de cada tema de forma sincrónica durante o desenvolvemento das clases virtuais en liña. Evitando a resolución de dúbidas de forma asincrónica, é dicir, fóra do horario de clase, salvo que a situación do alumno/a o requira.
5. Resolución de exercicios e entrega de traballos por parte do alumnado de cada tema na súa casa para entregar a través da aula virtual nas datas establecidas para o resto do alumnado o para ela/el persoalmente se o profesorado o considera.
6. Participación síncrona do alumnado nas tarefas que se realizan na aula ordinaria.

PROBAS AVALIATIVAS OBXECTIVAS.
1. Con respecto ás probas avaliativas obxectivas, poderáselle requirir a realización dunha defensa oral empregando a

ferramenta Webex meeting ou outra a proposta da administración, o centro ou o profesorado (a poder ser a mesma que se empregou nas aulas virtuais ordinarias) , á realización de probas tipo test nun tempo determinado a través da Aula Virtual do Centro ou, a entrega de comentarios de texto ou disertacións en data e forma a través da aula virtual.
2. O tipo de preguntas nas probas orais será o mesmo que nas probas presenciais, así mesmo, ao igual que no caso das probas ordinarias, empregaranse rúbricas para a súa correción.
*No caso das probas orais poderá procederse á grabación das mesmas previa autorización do titor/a, non obstante, queda terminantemente prohibida a súa reprodución ou publicación en calquera medio alleo ao centro ou con acceso público. Respectando así o establecido na LOPD. No caso de que a persoa que tutela rexeite a grabación de video, o procedemento será grabar en audio.
- No caso das probas obxectivas a distancia, o alumnado é responsable de revisar con anterioridade que os medios tecnolóxicosfuncionan e de conectarse e tempo e forma, así como de corroborar que as entregas a través da aula virtual están en estado ¿Entregado¿ (verde).
- Cando unha actividade sexa requirida pola aula virtual, a profesora non se responsabiliza das entregas realizadas por outras vías sen previa autorización.
- Presentarse a unha proba oral ou test fóra de tempo, entregar unha actividade fóra de prazo, un arquivo erróneo, unha entrega a través dunha vía non autorizada polo profesorado ou un traballo con claras evidencias de non ser obra do alumno/a será cualificado como cero ou non presentado, de xeito que o alumno/a deberá seguir as vías ordinarias para a recuperación.

AVALIACIÓN
En canto á avaliación, para todo o alumnado, tomaranse como referencia os resultados obtidos nas avaliacións cursadas presencialmente e se materán as porcentaxes establecidas para avaliar a materia presencialmente.
Aínda que se establece que, nestes casos, o 10% do apartado ¿outras produccio¿ns¿ concentrará a asistencia e o correcto uso das ferramentas tecnolóxicas e atención ás aula. A participación, etc. computará no 10% restante.

Polo demáis, se tomarán os resultados obtidos da correción das probas obxectivas e dos traballos enviados e realizados a través da Aula Virtual do Centro.

RECUPERACIÓN.
As datas serán as mesmas que no rexime presencial, así mesmo o tipo de probas. Non obstante, estas terán lugar oralmente a través de videoconferencia, a través de test ou mediante traballos que serán enviados empregando a aula virtual.
ALUMNADO CON DIFICULTADES DIXITAIS A TODOS OS NIVEIS.
No caso deste alumnado, en base ao principio de igualdade, calidade da educación e dereito á mesma, a través da admón e centro tentarán facilitarlle os medios necesarios para o normal desenvolvemento das aulas a través de medios tecnolóxicos. Así mesmo, o profesorado artellará todas as posibilidades para que o alumno/a reciba os materiais e poida traballar. Nestes casos, cómpre valorar a avaliación (probas obxectivas) e formación (clases e seguimento) mediante outras ferramentas como Webex Team.
Así mesmo, para o alumnado que dispón dos medios pero non dos coñecementos tecnolóxicos, nos primeiros días levaranse a cabo actividades de simulacro para maneixar as TIC conforme se precisa nas materias do departamento e se concienciará na necesidade de ter en conta os protocolos en caso de confinamento.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntes da profesora |
| Videos: curtas, documentais, ... |
| Artigos xornalísticos e de revistas especializadas. |
| Aula Virtual: Moodle |
| Material FpN (Filosofía para nenos/aas): Wonder Ponder, ... |

| |
|---|
| Material para xogo serio: LEGO |
| Libros de lectura. |
| Internet e equipos dixitais. |

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante a primeira semana do curso levaranse a cabo pequenas probas para determinar o nivel dos alumnos/as na aula. Estas probas poderán ser probas escritas como comentarios de texto guiados, preguntas orais na aula, debates ou lecturas curtas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **20** | **10** | **20** | **10** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 0 | 0 | 100 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | **10** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 0 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **90** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación que se aplicarán nesta materia serán os seguintes:
NOTA FINAL DE CADA TRIMESTRE
A nota final de cada trimestre será unha media aritmética ponderada de todas as probas realizadas, as cales estarán determinadas polos instrumentos de avaliación que se detallan neste mesmo apartado.
Polo xeral, as ponderacións serán:

- Producións individuais e grupais: 55% da nota.
- Probas obxectivas (exames): 40%. (Realizaránse dúas probas obxectivas por trimestre)
- Intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente e respectuosa das ideas así como implicación baseada no esforzo persoal e o respecto na materia. 5%

As probas obxectivas poderán ser:
a) Tipo test.
b) Preguntas de desenvolvemento.
c) Prácticas similares ás realizadas nas probas individuais (Comentario de texto ou disertación).
d) Unha mestura das tres anteriores.
e) Exposición oral dos resultados das investigacións a través de preguntas dirixidas.
** Probas de tipo C: No caso das actividades avaliativas de tipo c) poderán realizarse a unha ou dúas voltas segundo determine a profesora: a dúas voltas implica que o alumno/a realiza a disertación ou comentario. Este é revisado e devolto na seguinte sesión para a súa mellora. Esta medida xustifícase en base a que, o obxectivo final, é que o alumnado adquira unha serie de competencias asociadas a uns contidos, e pensamos que deste xeito a aprendizaxe será significativa e estará orientada ao devandito logro de competencias, xa que o alumnado poderá preguntarse: que máis podo engadir?, que aprendimos na aula que non aproveitei?, que podería mellorar?, que cousas sei que servirían para "alumear" este texto ou contido? O esforzo de preguntase, procurar a información e despois plasmala,

implica o desenvolvemento de gran parte das competencias clave e específicas na nosa materia. Neste caso, a nota final será: 60% a nota da primeira volta e 40% a nota da segunda volta.

- No caso de realizarse unha proba obxectiva mixta, por exemplo: un test e unha exposición, ou un test e unha disertación, realizarase media aritmética entre ambas partes sempre e cando en ambas partes a nota sexa superior a catro (4).
- Co resto de actividades, cando coindidan dúas probas que corresponden ao mesmo grupo, por exemplo dous comentarios de texto, realizarase unha media aritmética dentro do apartado que despois se ponderará segundo os valores establecidos antes.
- Para superar o trimestre, os alumnos e alumnas deberán ter superadas todas as competencias e amosado posuír os contidos mínimos de cada unidade, é dicir, obter ao menos un cinco (suficiente) na media final do trimestre.

REDONDEOS TRIMESTRAIS
Dado que a nota de cada avaliación debe ser numérica sen decimais, o redondeo será á alza a partir de 0,5 sempre e cando a nota do alumno/a sexa superior a cinco (5).

CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO.
O valor de cada trimestre non é mesmo. Así, a nota final do curso será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes a cada trimestre e realizar a media ponderada.
1º Trimestre: 30%.
2º Trimestre: 30%.
3º Trimestre: 40%.
O aumento do valor da terceira avaliación, xustifícase en base a avaliación contínua: Os obxectivos 1, 2 e 3 que fan refrencia aos criterios de avaliación remados en x.1, x.2, x.3, x.4 responden a adquisición dunha serie de destrezas que se desenvolven e avalian de xeito constante ao longo do curso. É de supoñer, que o alumnado terá meillor desenvolvidas estas competencias no terceiro trimestre, que será cando amose o seu máximo logro durante o curso.
Para que un alumno/a supere o curso deberá obter unha media igual ou superior a cinco. Para proceder a realizar a media o alumno/a deberá ter superadas todas as avaliacións.
A media se realizará cos resultados de cada avaliación sen aplicar o redondeo.
REDONDEOS NA AVALIACIÓN ORDINARIA.
Dado que a nota de cada avaliación debe ser numérica sen decimais, o redondeo será á alza a partir de 0,5 sempre e cando a nota do alumno/a sexa superior a cinco (5).

OUTROS ELEMENTOS QUE AFECTAN Á AVALIACIÓN.

- O feito de que un alumno/a sexa sorprendido/a copiando nun exame, suporá a retirada da proba e a cualificación da mesma cun cero. O alumno poderá acceder á convocatoria de recuperación.
- Se un alumno/a presenta un traballo con evidencias claras de telo copiado ou realizado por outra persoa, será anulado, polo tanto a cualificación será cero e se procederá a realizar unha recuperación con caracter oral ou escrito segundo determine o profesorado.
- No caso de que un alumno/a presente unha discapacidade transitoria que lle impida realizar unha proba escrita, esta terá lugar de forma que as que as preguntas poidan responderse oralmente.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
Para que a avaliación sexa obxectiva tanto nas producións individuais/ grupais como nas probas obxectivas escritas ou orais, empregaranse rúbricas ou listas de cotexo que conteñan descritores dos contidos e/ou as competencias específicas, as cales están contidas nos Criterios de Avaliación que, a súa vez, constitúen os Obxectivos que o alumnado debe acadar.
Estas rúbricas están escalonadas segundo os niveis de cualificación cualitativos (sobresaínte, notable, ben, suficiente, insuficiente) e cuantitativos (nota de 1 a 10) que establece o artigo 31 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, nalgunhas rúbricas se amplia un nivel máis "deficiente" para aquelas situacións en que non é posible avaliar ao alumno/a.
En xeral, agás para aqueles criterios de avaliación que fan referencia a un contido concreto, os procedementos, recursos e instrumentos son:
**(orde dos elementos: 1. Procedemento/ 2.Recurso (actividade)/ 3. Instrumento)

- Avaliación de producións escritas individuais/Disertacións ou comentario de texto/ Rúbrica de disertación e rúbrica comentario de texto.

- Avaliación de producións escritas e orais en grupo/documentos escritos ou exposicións/ Rúbrica traballos de investigación e rúbrica, e/ou rúbrica de traballo colaboratevo.
- Avaliación de producións orais/Debate, exposición oral/ Rúbrica de debate, Lista de cotexo de debate, lista de cotexo de exposición oral
- Autoavaliación do alumnado/ Cuestionario/ Cuestionario autoavaliativo
- Heteroavaliación/Cuestionario/ Cuestionario do traballo grupal
- Probas obxectivas/ Rúbrica segundo o tipo de actividade (disertación, comentario) e contido concreto.
- Test: Plantilla de respostas.

**Criterios de recuperación:**

Consideraremos dúas situacións posibles:
a) ALUMNADO QUE NON SUPERE OS OBXECTIVOS FIXADOS PARA UNHA AVALIACIÓN PARCIAL.
- Se a parte non superada e a correspondente á proba obxectiva,o alumno/a será convocado para realizar unha proba escrita similar.
- Se é referida ás producións individuais, nas tres primeiras semanas do periodo avaliador seguinte deberá realizar actividades de reforzo sobre comentario e disertación. Estas actividades poderán ser de nova creación ou a corrección das non superadas durante o trimestre que suspendera.
- Se non superou ningunha das partes, deberá realizar as dúas opcións descritas anteriormente.
a) ALUMNADO QUE NON SUPERE OS OBXECTIVOS FIXADOS PARA VARIAS AVALIACIÓNS PARCIAL OU NON SUPERASE A RECUPERACIÓNS.
- Deberá presentarse a unha proba final sobre os contidos específicos da avaliación suspensa.
b) ALUMNADO CON CUALIFICACIÓN INFERIOR A SUFICIENTE (5) NA AVALIACIÓN ORDINARIA:
- Deberá realizar unha proba escrita que versará sobre todos os contidos vistos durante o curso. Esta proba se realizará en xuño, nas datas que determine o Equipo Directivo do centro. A cualificación que se reflicta na avaliación extraordinaria será o resultado desta proba despoisde aplicar o redondeo especificado para as valiacións ordinarias.
IMPORTANTE: Nos dous casos descritos, as actividades dispostas no plan deberán entregarse en tempo e forma. Unha actividade fóra de prazo considerarase non entregada e, polo tanto, será cualificada como cero. Para que se faga a media será necesario entregar o 100% das actividades e telas todas completadas*. Unha actividade incompleta, con contido alleo ao que se pregunta ou copiada, será considerada como non entregada. No caso de que existan evidencias de ter copiado o traballo ou unha ampla sospeita de que o realizase outra persoa, poderá procederse a realizar unha proba oral sobre os contidos da actividade. * Considerase un contido completo aquel cuxas partes están todas completas e cuxa resposta estea ben razoada e argumentada, que presente dominio da terminoloxía filosófica propia da materia, coherencia e claridade na exposición e contundencia no que tenta transmitir (non divaga).

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

ALUMNADO QUE PROMOCIONA A SEGUNDO DE BACHARELATO COA MATERIA DE FILOSOFÍA SUSPENSA:
O departamento elaborará un programa con actividades de recuperación que será entregado ao alumno/a e as familias ao inicio do curso. Nel se planificarán tanto as actividades de recuperación cun calendario de entregas que deberá cumprir como as datas para realizar probas obxectivas de recuperación se así se considera*.
*No caso dos alumnos/as que obtiveran catro (cuatro) na avaliación final, poderán recuperar mediante actividades de recuperación.
IMPORTANTE: as actividades dispostas no plan deberán entregarse en tempo e forma. Unha actividade fora de prazo considerarase non entregada e, polo tanto, será cualificada como cero.

Para que se faga a media será necesario entregar o 100% das actividades e telas todas completadas. Unha actividade incompleta, con contido alleo ao que se pregunta ou copiada, será considerada como non entregada. No caso de que existan evidencias de ter copiado o traballo ou unha ampla sospeita de que o realizase outra persoa, poderá procederse a realizar unha proba oral sobre os contidos da actividade.

*Alumnado que repite curso: Tal como marca a lexislación, aquel alumnado que repita curso, volverá cursar a materia completa aínda que xa a aprobase.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non temos constancia de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que precise adaptacións curriculares significativas. Con todo, en caso de darse, traballaremos en coordinación co Departamento de Orientación para implementar as medidas específicas que sexan necesarias.
Non obstante, por unha banda, esta programación pretende axustarse ás necesidades de todos os membros de cada grupo. Así pois, as actividades son susceptibles de adaptación no referente ao nivel de dificultade, produto final esixido e tempo de realización. Asimesmo, esta programación estará suxeita a revisión constante coa finalidade de garantir a adaptación ao grupo.
Por outra banda, adicionalmente, proporanse actividades de reforzo para aqueles alumnos/as con dificultades para comprender todo ou parte da materia, e actividades de ampliación para aqueles especialmente motivados por todo ou parte da materia. No caso das actividades de reforzo estarán adaptadas a dificultade concreta de cada alumno/a.

Ademais, como xa anunciabamos no apartado "metodoloxía", a secuenciación de actividades en cada unidade ao longo de todo o curso, permite que os alumnos poidan desenvolver as súas capacidades au seu propio ritmo e segundo a súa capacidade: pode que un alumno aprenda a facer comentarios de texto na unidade tres e outro na seis, a efectos, ambos consiguen a mesma capacidade pero en momentos distintos e, probablemente, a través de recursos diferentes que estean máis en consonancia, non só coas súas destrezas, senon intereses.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación en valores | X | X | | X | X | X | X | |
| ET.2 - Fomento da lectura | X | X | | X | X | X | X | |
| ET.3 - Comunicación audiovisual e CD | X | X | | X | X | X | X | |
| ET.4 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento de espírito crítico | X | X | | X | X | X | X | |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | | X | X | X | X | |
| ET.7 - Resolución pacífica de conflitos | X | X | | X | X | X | X | |

**Observacións:**

Tal como se indica no Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria
obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, deben introducirse os seguintes elementos transversais no curriculum da materias, "sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias." No caso da materia filosofía, dada a súa alta vinculación coa lingua a través de textos e escritos, o diálogo, o traballo por proxectos, a toma de decisións sobre as opinións propias, traballos grupais... E a necesidade de investigar e expoñer a través de medios dixitais, as inclúe todas. Asimesmo, tanto nos apuntamentos como nas aulas no día a día, se promoverá, como non pode ser doutro xeito, a igualdade entre xéneros e a resolución pacífica de conflitos, implícita no diálogo filosófico.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Mesa redonda | Prevese a realización dunha mesa redonda en colaboración con outros centros cara ao terceiro trimestre. | | | |

**Observacións:**

O departamento estará pendente das conferencias, actividades, etc. Que oferten as distintas entidades privadas e públicas acerca da nosa materia.
Proposta de participación nas Olimpiadas Filosóficas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. A selección de actividades na aula é axeitada. |
| 2. As explicacións ofrecidas en clase son axeitadas. |
| 3. O contido das explicacións está ordenado. |
| 4. As actividades adáptanse as explicacións. |
| 5. A profesora comproba que entendemos o que nos explica. |
| 6. A profesora está disposta a resolver as dúbidas. |
| 7. A profesora domina a materia. |
| 8. O material de ampliación era suficiente e axeitado. |
| 9. A profesora preparou material de ampliación. |
| 10. Nos proxectos, a profesora foi proactiva. |
| 11. Nos proxectos, deunos pautas para a súa execución. |

| |
|---|
| 12. A profesora programou excursións, charlas ou visitas. |
| 13. O método de ensino adecuase a cada alumno. |
| 14. Empregou varios métodos de ensino. |
| 15. A profesora empregou os obxectivos para avaliar aos alumnos. |
| 16. Os estándares de aprendizaxe son claros e acadables. |
| 17. A profesora creou un clima de confianza e paz na aula. |
| 18. A profesora propiciou un clima de traballo e colaboración. |
| 19. A profesora motiva e alenta ao alumnado. |
| 20. Se tivese que avaliar en xeral o traballo da profesora... |

**Descrición:**

Ademais dos criterios establecidos arriba, para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe o docente guiarase polos seguintes indicadores xerais:
1. Os materiais entregados ao alumnado desenvolven os contidos dos estándares de aprendizaxe.
2. Os materiais son cognitivamente significativos para o alumnado.
3. A planificación e temporalización das actividades é adecuada.
4. O nivel de dificultade das actividades correspóndese coa zona de desenvolvemento próximo do alumnado.
5. As actividades son interesantes para o alumnado.
6. A axuda prestada ao alumnado é suficiente para que progrese na construción do coñecemento.
7. Seguíronse as medidas de atención á diversidade.
8. Seguíronse os criterios de cualificación, avaliación e promoción do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é un elemento esencial do proceso de ensino-aprendizaxe que afecta ao labor do alumnado, do propio docente e á programación didáctica. A avaliación consiste nun proceso continuo que nos permite recoller sistematicamente información relevante, co obxecto de reaxustar a intervención educativa en acordo coas aprendizaxes reais do alumnado e mellorar o proceso de aprendizaxe de cada un dos alumnos e alumnas durante a nosa práctica docente.
Neste senso, farase un seguimento da aplicación da propia programación no día a día, axustando os elementos necesarios tanto no desenvolvemento das clases como noutros aspectos tales como a temporalización.
Para que esta avaliación sexa obxectiva, teranse en conta certos indicadores de logro que incluirán, ademais do labor docente diversos aspectos incluídos nesta programación como a adecuación das actividades e os contidos ao nivel do grupo, a atención á diversidade, os instrumentos e procedementos de avaliación, etc. Ademais, calquera cambio relevante deberá incluírse na memoria final de curso.
Algúns aspectos a avaliar son os recollidos na avaliación da práctica docente, outros deles serán estes:
1. Realizo a programación didáctica das miñas materias en base ao Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia
2. Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades e competencias que o meu alumnado debe acadar.
3. Selecciono e distribúo os contidos en base as características de cada grupo e alumno.
4. Adopto estratexias e programo actividades en función dos Obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.
5. Planifico las clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á Proposta Pedagóxica/Concreción Curricular, á programación didáctica e, sobre todo, as necesidades do alumnado en base ao desenvolvemento das súas competencias.
6. Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado y comprobar o grao de adquisición de competencias e

contidos que acadan e o seu progreso.
7. Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado.
8. Presento y propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
9. Propoño situacións e actividades introdutorias previas ao tema que se vai tratar (cancións, vídeos...)
10. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cun linguaxe claro y adaptado, etc.
11. Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real, etc.
12. Dou información sobre os progresos acadados así como das dificultades pendentes de superar.
13. Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos alumnos o con temas relevantes da actualidade que afectan ou afectarán as súas vidas.
14. Estruturo y organizo los contidos dando unha visión xeral de cada tema.
15. Facilito la adquisición de novos contidos a travésdos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, etc.
16. Propoño actividades que aseguran a adquisición de os obxectivos didácticos previstos y as competenciase habilidades e técnicas instrumentais básicas.
17. Propoño ao alumnado actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
18. Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.
19. Comprobo, de diferentes xeitos, que o alumnado comprendeu a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, etc.
20. Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar información, pasos para resolver cuestiones, problemas, dou ánimos e me aseguro a participación de todos e todas.
21. Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos e alumnas:explicacións adicionais, dando pistas, feedback, ...
22. As relación que establezo cos meus alumnos e alumnas dentro da aula e as que estes establecen entre sí son correctas, fluídas e non discriminatorias.
23. Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e todas e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
24. Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das aulas como nas actividades.
25. Reviso e corrixo frecuentemente os contidos e actividades propostas.
26. Proporciono información ao alumnado sobre aexecución das tarefas e como poden melloralas.
27. En caso de non acadar suficientemente os obxectivos propostos, propoño actividades que faciliten a súa adquisición.
28. Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o seu ritmo de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc., y en función diso, adapto os distintos momentos del proceso de ensino-aprendizaxe.
29. Aplico os criterios de avaliación establecidos que aparecen na miña programación.
30. Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, da Unidade Didáctica.
31. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada la avaliación de los diferentes contidos.
32. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información (rexistro de observacións, libreta do alumno, ficha de seguimento, diario de clase etc.)
33. Corrixo e explico, habitual y sistematicamente, os traballos e actividades dos alumnos e dou pautas para a melloras das súas aprendizaxes.
34. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos e alumnas, das distintas áreas, contidos.

## 9. Outros apartados